



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTECATRO DE NOVEMBRO DO ANO DOUS MIL SETE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e quince minutos do día vinte catro de novembro do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ó existir quórum suficiente ó contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Fernando Rodríguez Broullón.
D. Antonio Estevez González.
Dna. María del Carmen Yáñez .Salgado
Dna. María Belén González González
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.
D. Francisco Veloso González, que se incorpora unha vez iniciada a sesión no momento sinalado na presente acta.

Actúa como Secretaria, a Secretaria da Corporación, Dna. Beatriz Díaz Rodríguez.

Non asiste o concelleiro D. Benito Vázquez Vázquez.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA VINTENOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL SETE.

Téndose remitido ós Sres/as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vintenove de setembro do ano dous mil sete, o Sr. Alcalde-Presidente convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

Non promovéndose debate sobre o presente punto da orde do día sométese a votación, resultando aprobado co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (nove votos a favor).

Polo que a acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vintenove de setembro do ano dous mil sete aprobouse por **unanimidade dos membros presentes da Corporación**. (nove votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG).

PUNTO SEGUNDO: DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós/ás concelleiros/as se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA RELATIVO Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

“DECRETO

RESULTANDO que esta Alcaldía ten potestade de delega-lo exercicio de determinadas competencias que ten atribuídas na Xunta de Goberno Local, segundo o disposto nos artigos 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 43 e 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CONSIDERANDO que por razóns de democracia participativa existen materias para as que se considera fundamental a participación na súa toma de decisións dun órgano colexiado.

RESOLVO:

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia que corresponde a esta Alcaldía en materia de outorgamento de licencias urbanísticas.

Segundo: Esta Alcaldía se reserva a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, consonte ó establecido nos artigos 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación có artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Terceiro: O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Cuarto: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.”

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que trátase dunha delegación das funcións en materia de concesión de licencias urbanísticas.

Os membros corporativos presentes danse por enterados

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS “OU-1206 LOBIOS-VEREDO”.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

VISTO o escrito remitido pola Deputación Provincial de Ourense relativo á necesidade de aprobación por este Concello do proxecto técnico das obras “OU-1206 Lobios Veredo” (nº 103/PB/2007).

VISTO o informe emitido pola Secretaria-Interventora deste Concello relativo á competencia plenaria para a citada aprobación.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

PROPOÑO Ó PLENO DE CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: *Aproba-lo proxecto técnico das obras OU-1206 Lobios Veredo” (nº 103/PB/2007) con un orzamento de execución por contrata de cento cincuenta mil euros (150.000,00).”*

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que trátase dun tramo da estrada de A Cela incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servicios de competencia municipal do ano dous mil sete, a executar pola Deputación Provincial de Ourense.

Non promovéndose debate sobre o presente punto da orde do día, sométese a votación a presente proposta da Alcaldía, resultando aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (nove votos a favor).

Polo que a presente proposta da Alcaldía aprobouse por **unanimidade dos membros presentes da Corporación**. (nove votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG).

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Veloso González.

PUNTO QUINTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2007 PROCEDENTES DE EJERCICIOS ANTERIORES POR IMPORTE DE CENTO SETE MIL CINCOCENTOS CATORCE EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (107.514,14 €),

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos diferentes acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asemade, o Informe de Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de cento sete mil cincocentos catorce euros con catorce céntimos (107.514,14 €), co seguinte detalle:

PROVEEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
CONSTRUCCIONES ALVA	Obras acond. area recreativa S. Bartolomé	44-611	33.060,72
ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla e portes	44-611	1.506,98
ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla e portes	44-611	1491,02
ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla e portes	44-611	4.770,14
ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla e portes	44-611	2.490,94
ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla e transporte	44-611	5.317,28



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla e transporte	44-611	2.855,24
ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla	44-611	2.695,18
ÁRIDOS DE ASTARIZ	Suministro de gravilla	44-611	1.158,41
PRODUCTOS BITUMINOSOS DE GALICIA	Emulsión asfáltica tipo ECR-2 e transporte	44-611	10.123,75
PRODUCTOS BITUMINOSOS DE GALICIA	Emulsión asfáltica tipo ECR-2 e transporte	44-611	5.860,74
PRODUCTOS BITUMINOSOS DE GALICIA	Emulsión asfáltica tipo ECR-2	44-611	5.196,04
PRODUCTOS BITUMINOSOS DE GALICIA	Emulsión asfáltica tipo ECR-2	44-611	2.269,26
PRODUCTOS BITUMINOSOS DE GALICIA	Emulsión asfáltica tipo ECR-2	44-611	2.879,05
PRODUCTOS BITUMINOSOS DE GALICIA	Emulsión asfáltica tipo ECR-2	44-611	2.324,67
CONSERNOR	Obras en San Martiño, Gustemeau e Puxedo	44-620	11.564,72
RODRÍGUEZ LÓPEZ AUTO S.L.	Subministro e transformación dun vehículo en ambulancia	44-630	11.950,00
SUMA TOTAL			107.514,14

2º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xere”.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que trátanse de facturas de exercicios anteriores e que deben pagarse por tratarse de servizos prestados a este Concello.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que o pago destas facturas ten consecuencias directas na xestión do actual equipo de goberno, xa que o importe é moi elevado, non entendendo cómo non se pagaron antes.

Concedida a palabra ó Concelleira do Grupo Político Municipal Sra. Yáñez Salgado, sinala que o seu grupo tivo que facerse cargo en anteriores lexislaturas de facturas de anos anteriores e recoñece que trátase dun hándicap para o actual equipo de goberno.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, indica que está comprometido co actual equipo de goberno e que o presente punto da orde do día corrobora a súa laboura de oposición desenvolvida nesta Corporación en anos anteriores. Finaliza a súa intervención adheríndose ó manifestado polo Sr. Fernández Simo e sinala que vai votar en contra.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que hai un grave hándicap á hora de acometer gastos, xa que os orzamentos están practicamente esgotados e existe un endebedamento elevado procedente de exercicios anteriores, xerándose problemas para poder subsistir, xa que os orzamentos están mal elaborados. Indica que un exemplo do sinalado é o pago das facturas do gasóleo e o acontecido no Centro de Saúde, estando sometido este Concello a unha chantaxe por parte de Repsol. Finaliza a súa intervención indicando que con cargo ó orzamento actual pagáronse facturas de gasóleo de exercicios anteriores, quedando dispoñible para o pago de facturas de gasóleo deste ano uns catro mil euros aproximadamente e que esta situación pasa noutras partidas orzamentarias.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Sometida a votación a presente proposta da Alcaldía, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (nove votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sr. Veloso González (un voto en contra).

Polo que a presente proposta da Alcaldía aprobose por **maioría absoluta** (nove votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG e un voto en contra do grupo municipal Mixto) **dos membros da Corporación.**

PUNTO SEXTO: ACORDO DE DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS FACULTADES ATRIBUIDAS A ESTE CONCELLO EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DOS IMPOSTOS SOBRE BENS INMOBLES, SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

PROPOSTA DA ALCADÍA.

VISTO o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que permiten ás entidades locais a delegación noutras entidades locais que no seu territorio estean integradas as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias que o Real Decreto Lexislativo 2/2004 lles atribúe e dos restantes ingresos de Dereito público que lles correspondan.

VISTA a complexidade que a realización destas tarefas comporta e considerando conveniente a delegación destas funcións na Deputación Provincial de Ourense en aras a acadar unha maior eficacia na actuación administrativa e de acordo co sinalado nos artigos citados no parágrafo anterior.

PROPOÑO:

Primeiro: Aproba-lo acordo que se acompaña como anexo á presente proposta, relativo á delegación na Deputación Provincial de Ourense das facultades que este Concello ten atribuídas en materia de xestión, liquidación, inspección e recadación sobre:

- O Imposto sobre Bens Inmobles (I.B.I.).
- O Imposto sobre Actividades económicas (I.A.E.).
- O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (I.V.T.M.)
- A taxa pola prestación do servicio de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos

ANEXO

DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS FACULTADES QUE ESTE CONCELLO TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DOS IMPOSTOS SOBRE BENS INMOBLES, SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O vixente Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais atribúe ás entidades locais as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos.

A complexidade que a realización destas tarefas comporta, aconsella a utilización de fórmulas que permitan un eficaz e adecuado exercicio das facultades mencionadas, dentro dos sistemas que para este fin prevé a normativa local aplicable.

Considerando conveniente a delegación destas funcións na Deputación Provincial de Ourense e sendo conforme a dereito a devandita delegación en virtude do establecido no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 106.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, ACÓ RDASE

PRIMEIRO: Delegar na Deputación Provincial de Ourense, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as facultades que este Concello ten atribuídas en materia de xestión, liquidación, inspección e recadación sobre:

- O Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I.).
- O Imposto sobre Actividades económicas (I.A.E.),
- O Impostor sobre Vehículos de Tracción Mecánica (I.V.T.M.)
- A taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbáns.

A citada delegación terá o alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no presente acordo.

SEGUNDO: O contido e delegación é o seguinte:

2.1. Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I.):

As facultades de xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I.) previstas no artigo 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que abarcarán:

- Concesión e denegación das exencións e bonificacións que procedan.
- Realización de liquidacións para determina-las débedas tributarias.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios, así como liquidacións por ingresos directos.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais nas liquidacións por ingreso directo.
- Dicta-la providencia de constrinximento expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidacións de xuros de demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.2. Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E.):



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

As facultades de xestión tributaria do Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E.) previstas no artigo 91 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que abarcarán:

- Concesión e denegación de exencións que procedan.
- Realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias.
- Emisión de instrumentos de cobro de recibos e liquidacións por ingreso directo.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a información e asistencia ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.3. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (I.V.T.M.):

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón (por única vez) ós efectos de proceder á súa informatización por parte da Deputación Provincial de Ourense, remitindo así mesmo a relación de debedores dos últimos 5 anos, a efectos de poder iniciar a executiva.
- Remitir á Deputación Provincial de Ourense das altas, transferencias, baixas, cambios de domicilio, e demais circunstancias que poidan afectar á liquidación do imposto, de que teñan coñecemento. (Datos da Xefatura de Tráfico).
- Remisión á Deputación Provincial de Ourense das solicitudes de exención ou bonificación no imposto que lle sexan presentados, a fin de proceder a elaborar o correspondente informe e expedir o documento acreditativo da mesma.
- Remisión á Deputación Provincial de Ourense das domiciliacións existentes.
- Remisión á Deputación Provincial de Ourense da Ordenanza Fiscal aplicable.

b) Obrigas da Deputación Provincial de Ourense:

- Expedición do primeiro recibo no caso de alta de Vehículos por matriculación.
- Concesión e denegación de exención e bonificación se procede.
- Elaboración de listas, recibos e documentos cobratorios.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais.
- Dicta-la providencia de constreñimento e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidación de xuros de demora.
- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.4. Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbáns.

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón (por única vez) ós efectos de proceder á súa información por parte da Deputación Provincial de Ourense, remitindo así mesmo a relación de debedores dos últimos 4 anos, a efectos de poder iniciar a executiva.
- Remisión á Deputación Provincial de Ourense das altas, cambios de titularidade, baixas e demais circunstancias que poidan afectar á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.
- Remisión á Deputación Provincial de Ourense das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, a fin de proceder a elaborar o correspondente informe e expedir o documento acreditativo da mesma.
- Remisión á Deputación Provincial de Ourense das domiciliacións existentes.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

-Remisión á Deputación Provincial de Ourense da Ordenanza Fiscal aplicable.

b) *Obrigas da Deputación Provincial de Ourense:*

- Concesión e denegación de exención e bonificación se procede.*
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.*
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.*
- Dicta-la providencia de constrenximento e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.*
- Liquidación de xuros de demora.*
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.*
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.*
- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.*

2.6. Contidos de aplicación a tódolos tributos:

As facultades de recadación en período voluntario e executivo, tanto de débedas por recibo como de liquidacións por ingreso directo e, no seu caso, de autoliquidacións, correspondentes ó Imposto sobre Bens Inmóveis, Actividades económicas, Vehículos de Tracción Mecánica, e taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos abarcará cantas actuacións comprende a xestión recadatoria de acordo coa lexislación aplicable e, en todo caso, o seguinte:

- Practicar notificacións colectivas en débedas por recibo e individuais en liquidacións por ingreso directo.*
- Fixar prazos de cobro en período voluntario en débedas por recibo.*
- Establecer, de ser necesario, itinerarios de cobranza.*
- Conferir e revogar ás entidades de depósito o carácter de entidades colaboradoras e establecer os límites da colaboración.*
- Expedir relacións certificadas de debedores por recibos e certificacións de descuberto por liquidacións de ingreso directo.*
- Dicta-la providencia de constrenximento en recibos e certificacións de descuberto e resolve-los recursos contra o devandito acto administrativo.*
- Liquidar xuros de demora para a súa aplicación en tódalas débedas en que aqueles sexan esixibles.*
- Conceder ou denegar aprazamentos e fraccionamentos en voluntaria e executiva.*
- Recibir e custodiar garantías de débedas ou dispensalas.*
- Ordena-la constitución de hipotecas especiais.*
- Dictar acordos de derivación de procedemento.*
- Efectuar peritaxes e valoracións de bens embargados.*
- Autorizar e presidir subhastas.*
- Acorda-la suspensión do procedemento.*
- Iniciar tercerías de dominio e de mellor dereito.*
- Propoñe-la adjudicación de fincas ó Concello, expedindo as certificacións necesarias para a súa inscrición nos rexistros públicos.*

TERCEIRO: *Condición de delegación:*

1.- A Deputación Provincial de Ourense exercerá as facultades obxecto da presente delegación na forma que acorde a expresada Corporación.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

2.- Para o exercicio das facultades delegadas, o servizo aterase ó ordenamento local e á lexislación aplicable de acordo co establecido na texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como na normativa que en materia de xestión e recadación tributarias pida dicta-la Deputación Provincial de Ourense en uso da súa potestade regulamentaria prevista no artigo 106.2 da Lei de Bases de Réxime Local, e na ordenanza municipal de Xestión de Tributos, segundo modelo uniforme facilitado pola citada Deputación.

3.- Polo exercicio das funcións delegadas no presente acordo, a Deputación Provincial de Ourense percibirá as compensacións económicas previstas na actual Ordenanza Provincial Fiscal vixente na materia.

As cantidades a que dea lugar a devandita compensación económica serán retiradas das entregadas e liquidacións correspondentes que se realicen ó Concello.

4.- A devolución dos ingresos indebidos que, no seu caso, se produza ocasionará a dedución da cantidade correspondente das liquidacións que deban renderse ó Concello, sendo de conta da Deputación Provincial de Ourense a devolución da parte de recarga de prema percibida só nos casos en que a causa que dea orixe á devandita devolución sexa imputable á súa actuación no exercicio das facultades delegadas.

A compensación de débedas en período voluntario que, de conformidade coa lexislación aplicable, o Concello puidera acordar, requirirá a intervención do servizo para a súa realización debendo, en calquera caso, entenderse como débedas cobradas a efectos do premio de cobranza e das recargas ou participacións que á Deputación Provincial de Ourense poida corresponder nas mesmas.

5.- Os anticipos a conta da recadación rexeranse polo disposto no artigo 8 da ordenanza fiscal antes mencionada.

6.- As cantidades que correspondan pola recadación obtida serán transferidas ó Concello trimestralmente a concretar no convenio, acompañadas da documentación xustificativa, rendéndose anualmente polo servizo a conta da súa xestión recadatoria.

CUARTO: Entrada en vigor e prazo de vixencia:

Unha vez aceptada pola Deputación Provincial a presente delegación entrará en vigor con efectos de un de xaneiro de dous mil oito.

A presente delegación estará vixente ata o 31 de decembro de dous mil nove e quedará tacitamente prorrogada, por períodos anuais, se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a seis meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

QUINTO: O presente acordo haberá de notificarse á Deputación Provincial de Ourense a efectos de que pola súa parte se proceda á aceptación da delegación aquí conferida.

SEXTO: Unha vez aceptada a delegación pola Deputación Provincial de Ourense, o presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no da Comunidade Autónoma, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. ”.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que trátase dunha delegación de competencias na Deputación Provincial de Ourense, sendo conveniente e máis operativo para este Concello efectuala.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que este tema xa se comentara na anterior lexislatura, manifestando en nome do seu grupo o total descontento coa xestión realizada pola actual empresa JJ Consulting. Indica que para o seu grupo as Deputacións Provinciais están totalmente desfasadas, sendo o seu papel gastar fondos públicos sen prestar ningún tipo de servizo. Non obstante o dito, indica que van a votar a favor da presente proposta porque consideran que é beneficioso para o Concello e vai traer vantaxes. Finaliza a súa intervención defendendo que este tipo de servizos deben prestarse por outros organismos públicos como a Xunta de Galicia ou as comarcas.

Sometida a presente proposta da Alcaldía a votación, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a presente proposta da Alcaldía aprobouse por **unanimidade dos membros presentes da Corporación**. (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto).

PUNTO SÉTIMO: DEROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA IMPOSICIÓN E ORDEACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR E APROBACIÓN DUNHA NOVA ORDENANZA.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, explica que fai aproximadamente dous anos elaborouse a Ordenanza que agora se deroga, resultando na súa aplicación práctica moi floxa, sendo a que agora se aproba actual e moderna, dando o paso debido ós técnicos en prexuízo dos políticos, en contra do que acontecía na anterior Ordenanza, tratándose dunha iniciativa máis para protocolizar e tecnificar os servizos, xa que cando chegou ó poder atopouse cuns Servizos Sociais municipais dos anos 70. Continúa a súa intervención explicando que na nova Ordenanza se regula o sistema de aporte económico dos usuarios facendo fincapé en que as rendas máis baixas teñan que pagar menos e que as rendas máis altas teñan que pagar máis.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, sinala que vai votar a favor.

Concedida a palabra á Concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que van a votar a favor, dando un voto de confianza ó novo equipo de goberno.

Sometida a votación a presente proposta do Concelleiro de Servizos Sociais, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a presente proposta do Concelleiro de Servizos Sociais aprobouse por **unanimidade dos membros presentes da Corporación**. (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Antes de pasar ó seguinte punto da orde do día o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que recibíuse neste Concello en data 22 de novembro de 2007, un día despois da convocatoria da presente sesión, convocatoria da Comisión Mixta de Seguimento e Control do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Lobios, estando designados como representantes deste Concello na citada Comisión o anterior Alcalde, D. Benito Vázquez Vázquez e o anterior Concelleiro do Grupo Político Municipal do PP D. Jesús Rodríguez Rodríguez, razón pola que somete a votación a declaración de urxencia para adoptar acordo relativo á designación como novos representantes deste concello na Comisión Mixta de Seguimento e Control do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Lobios a D. José Lamela Bautista e D. Manuel Paz León, resultando aprobada co seguinte resultado a citada declaración de urxencia:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a declaración de urxencia aprobouse por **unanimidade dos membros presentes da Corporación**. (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto).

Sometida a votación a designación como representantes deste Concello na Comisión Mixta de Seguimento e Control do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Lobios a D. José Lamela Bautista e D. Manuel Paz León, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a citada designación aprobouse por **unanimidade dos membros presentes da Corporación**. (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto).

PUNTO OITAVO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

Non se presentaron.

PUNTO NOVENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, formula os seguintes:

Primeiro: Roga que se proceda de inmediato a poñer o auga de Riocaldo para o seu uso público. Sinala que o balneario foi un regalo deste Concello á Fundación San Rosendo e que noutros balnearios explotados pola citada fundación esta aluga os terreos, que non son cedidos gratuitamente. Indica que queda acreditada a personalidade do seu Presidente, cando se lle imputan aproximadamente corenta anos de cárcere e cen millóns de fianza pola presunta comisión de certos delitos, tal e como consta no periódico Faro de Vigo de hoxe. Finaliza a súa intervención rogando ó equipo de goberno que se reúna coa Fundación San Rosendo para que o auga de Riocaldo sexa de uso público e así converter Lobios nunha vila termal e indicando que a citada Fundación carece do permiso da Confederación Hidrográfica.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Segundo: Sinala que debería darse un curso ou uns informes xurídicos para que se informe ós membros da Corporación sobre o funcionamento da administración municipal debido ó feito de que a maioría dos concelleiros son novos e que as leis cambian constantemente.

Concedida a palabra o concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, Sr. Paz León, sinala que debe agradecerse a laboura da Secretaria-Interventora para que o Concello funcione con transparencia.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que está de acordo con todo o dito e que se está traballando no tema do balneario.

E non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día anteriormente sinalado.

O Presidente

A Secretaria-Interventora

Asdo: José Lamela Bautista

Asdo: Beatriz Díaz Rodríguez